# O ADVERBIO

O **adverbio** é unha clase de palabra que indica onde, cando ou como se producen os feitos.

## Os adverbios de tempo

Os **adverbios** de tempo indican cando se realiza a acción: *antes, xa, agora, sempre, tarde, cedo...*

## Os adverbios de lugar

Os **adverbios** de lugar indican onde se realiza a acción: *dentro, fóra, aquí, alá...*

## Os adverbios de modo

Os **adverbios** de modo indican como se realiza a acción: *ben, mal, así, estupendamente...*

Cheguei tarde á estación. O tren xa marchara. Fun ao despacho de billetes, e alí dixéronme que tiña outro ás dúas. Faltaba media hora, así que saín fóra para dar unha volta e tomar o sol, que senta estupendamente.

## No texto anterior hai dous adverbios de tempo. Le as definicións e localízaos:

**a)** **Indica que algo ocorre despois do momento previsto:**

**b)** **Indica una acción ou un feito cumprido:**

## Copia os adverbios de tempo que atopes nestas oracións:

- Pilarín sempre está contenta
- A data que aparece nos billetes é a de onte.
- Vés agora comigo á estación.
- As fins de semana levántome cedo.

## Agora coloca os adevribios que atopaches ao lado do seu antónimo:

logo

nunca

tarde

mañá

## Busca dous adverbios de lugar no texto.

## Escolle o adverbio de lugar que corresponde para completar estas oracións:

fóra – aquí – debaixo – cerca – dentro

- O can agochou un óso            do sofá.
- Garda a mochila              do armario.
- Meus avós viven            do cole e sempre me van buscar.
- Pintamos a casa por            e agora é a máis bonita da rúa.
- Achégate          se queres saír na foto.

## Na seguinte lista de adverbios selecciona só os que sexan de modo:

| | | | |
|---|---|---|---|
| antonte | rapidamente | alá | gratis |
| adrede | lonxe | amodo | arriba |

## Substitúe o subliñado polo adverbio que corresponde do exercicio anterior:

- Non rompín o prato a propósito.
- Baixa as escaleiras paseniño, non vaias caer.
- Saín a toda présa da clase e esquecín o estoxo.
- Por comprar un tren de xoguete déronme outro de balde.